

CENTRO ARQUEOLÓGICO DO BARBANZA

CADERNO DO PROFESORADO

O Neolítico

A Idade do Bronze e

A Idade do Ferro



**Centro Arqueológico
do Barbanza**



**CONCELLO DE
BOIRO**





PRESENTACIÓN	2
O CENTRO ARQUEOLÓXICO DO BARBANZA	3
Descrición	3
Localización e acceso	4
Datos de Interese	4
A SALA PERMANENTE	5
Introdución	6
Neolítico: o mundo dos túmulos megalíticos	8
A arte rupestre do Calcolítico e da Idade do Bronce	12
A Idade do Ferro: A Cultura Castrexa	15
A SALA ITINERANTE	21
OS CASTROS DE NEIXÓN	22
VOCABULARIO	25
BIBLIOGRAFÍA BÁSICA (comentada)	27

Autor:

Xosé Ignacio Vilaseco Vázquez
Grupo de Estudos para a Prehistoria do NW Ibérico
Departamento de Historia I
Universidade de Santiago de Compostela



Coordinador do caderno:

Víctor Barbeito Pose
Técnico arqueólogo do Centro Arqueolóxico do Barbanza



Depósito Legal C 2022-2008



PRESENTACIÓN

Este caderno está deseñado como guía do Centro Arqueolóxico do Barbanza (CAB) para os educadores de Educación Primaria e Secundaria. O CAB, situado no lugar de Neixón – Nine, da parroquia de Cespón (Boiro, A Coruña), creouse como un centro de interpretación das principais manifestacións monumentais da prehistoria da península do Barbanza (e, xa que logo, de Galicia): megalitismo, arte rupestre e castros, representantes á súa vez das catro etapas máis recentes da prehistoria da zona, Neolítico, Calcolítico – Idade do Bronce e Idade do Ferro. A súa situación a carón dos Castros de Neixón, ademais, permite coñecer de forma directa dous xacementos castrexos moi salientables, situados nun marco incomparable, unha pequena península a carón do mar. A visita ao CAB coa súa clase pode converterse, daquela, nun complemento perfecto á hora de impartir na aula os coñecementos sobre a prehistoria.

O caderno explica os diferentes recursos de que dispón o CAB a fin de que poida realizar unha visita autoguiada a súa clase. A isto engádesse información complementaria sobre a prehistoria galega, así como suxerencias e preguntas que lle permitan amenizar as visitas e aumentar os coñecementos do alumnado no campo da prehistoria e da conservación do patrimonio arqueolóxico. Con todo este material poderá:

- Programar a visita de forma axeitada e adaptada aos intereses do grupo e mais do currículo escolar en vigor.
- Profundar nos contidos sobre a prehistoria de Galicia, preparando á clase para a visita a realizar.
- Motivar ao alumnado a que reflexione e debata sobre a significación dos diversos xacementos arqueolóxicos, tanto no pasado, durante a época en que eran usados, como na actualidade, promovendo así a importancia da súa conservación.

Como complemento a este caderno do profesorado o CAB dispón de dous cadernos didácticos á disposición dos educadores, un para infantil e primaria e outro para secundaria. Ambos son descargables da internet, e ofrecen unha serie de exercicios e actividades amenas que os alumnos poden realizar durante a visita ao centro, ou como remate á mesma, co fin de profundar nos coñecementos adquiridos.



O CENTRO ARQUEOLÓXICO DO BARBANZA

Descrición

A museoloxía máis recente ten superado o concepto clásico de museo, baseado unicamente na exposición de pezas, para desenvolver outros tipos de centros expositivos que se afastan do museo, pero que no fondo serven á mesma fin ca este, a transmisión de información ao público sobre un tema determinado. Entre estes centros de novo cuño salientan os denominados Centros de Interpretación, aqueles nos que a través de maquetas, paneis, reconstrucións, realidade virtual ou pezas, xa sexan estas orixinais ou reproducións, se tenta chegar ao visitante de forma amena e didáctica.

O CAB responde ao concepto de Centro de Interpretación, e xurdiu da colaboración da Xunta de Galicia e mais o Concello de Boiro, sendo na actualidade xestionado por esta última administración. Está situado nun edificio de nova planta construído *ex profeso* para albergalo, e conta cun amplo aparcamento e zonas verdes próximas. Emprázase apenas a 200 m. dos castros de Neixón, e nas proximidades hai unha área recreativa con mesas e bancos, na que pode facer un descanso co alumnado, á sombra dos piñeiros.

O edificio está dividido en tres plantas: soto, baixo e primeiro andar, sendo o baixo o único andar accesible polo de agora aos discapacitados físicos. No soto sitúanse dependencias internas do CAB (almacén e mais laboratorio) así como unha sala multiusos, para albergar obradoiros, cursos e conferencias. O baixo acolle a sala permanente, así como a tenda e mais a cafetería, esta última con acceso independente desde o exterior. No primeiro andar sitúanse as oficinas do centro, unha biblioteca especializada en temas arqueolóxicos e históricos, e unha sala itinerante – miradoiro, destinada a acoller exposicións temporais, e na que tamén se recolle unha selección do material recuperado nas recentes escavacións do Castro Grande de Neixón, reiniciadas no ano 2003.





(c) Concello de Boiro

A entrada ao CAB é gratuíta.



Localización e acceso

O CAB sitúase no lugar de Nine, parroquia de Cespón, Boiro. Accédese a el desde a estrada C-550 no lugar de Cespón, situado entre Rianxo e mais Boiro, a uns dous quilómetros desta última localidade. Un cartel a un dos lados da estrada (dereita vindo de Boiro, esquerda chegando de Rianxo) indica o camiño a seguir até o centro. A partir de aquí o percorrido, outros dous quilómetros, está sinalizado.



Datos de Interese

Antes de acudir ao CAB coa súa clase, recomendámoslle que o visite para familiarizarse cos diferentes recursos que lle ofrece, e poder organizar de forma máis axeitada a visita, decidindo os aspectos que lle parecen máis axeitados para o seu grupo concreto. Pregámoslle que contacte co CAB para programar o día e a hora da visita, a fin de que non coincida con máis grupos, e esta se faga de forma satisfactoria para todos.

Enderezo

Centro Arqueolóxico do Barbanza «Castros de Neixón»

Lugar de Neixón – Nine, s/n. Cespón

15991 Boiro (A Coruña)

Tel.: 981 843 810 / Fax: 981 843 823

E-mail: centroarqueoloxico@boiro.org

Horario (aconsellable asegurarse, modifícase cada tempada).

De luns a venres:	Mañás: 10 a 14
	Tardes: 16 a 19 h.
Sábados, domingos e festivos:	Mañás: 11 a 14
	Tardes: 17 a 20 h.

En casos excepcionais pódense concertar visitas organizadas para grupos fóra do horario estipulado.

Máis información


www.boiro.org – Cultura e Xuventude – Centro arqueolóxico do Barbanza



A SALA PERMANENTE

A sala permanente do CAB, pese ao seu pequeno tamaño, ofrece un número importante de recursos para que o educador poida achegar de forma amena e didáctica ao alumnado os coñecementos que temos na actualidade sobre a prehistoria de Galicia en xeral, e da península do Barbanza en particular. Durante a visita, ou como remate á mesma, os alumnos poden cubrir un dos cadernos de actividades adaptados á súa idade que o CAB pon á disposición do profesorado, descargables desde a internet.

A circulación pola sala está claramente pautada, constituíndo un percorrido pola prehistoria da península do Barbanza desde o Neolítico até a Idade do Ferro. Ao longo dela terá á súa disposición diversos paneis, maquetas e reproducións de elementos arqueolóxicos que apoiarán as súas explicacións. Contra o que sucede nos museos tradicionais, en moitos dos recursos é preciso a intervención do visitante, xa sexa pulsando botóns nalgunhas maquetas, ou manipulando algúns dos elementos expostos.



A duración estimada do percorrido é de 1 hora, aproximadamente, variable en función do tempo que o educador prefira destinar a cada recurso. A este tempo habería que engadirlle uns 15 minutos para a visita á exposición dos materiais arqueolóxicos do Castro Grande, situada no primeiro andar, así como o tempo que dura o circuito polos castros de Neixón. Ademais, se vostede o desexa o CAB dispón de dous vídeos introdutorios sobre a prehistoria da península do Barbanza que podemos proxectar á súa clase: un deles, destinado a educación primaria, ten unha duración de 10 minutos; o outro, pensado para alumnado de secundaria e público en xeral, dura uns 21 minutos.

A continuación presentamos unha guía para a visita da sala permanente. Para cada apartado presentamos unha introdución xeral sobre o tema que se pode ver na sala, para que o profesorado poida dispoñer dunha información máis en profundidade sobre o mesmo; a continuación sinalamos os recursos que existen no CAB sobre dito tema e nos que basear as explicacións durante a visita; e finalmente apúntanse unha serie de actividades e temas de debate que poden realizarse cos alumnos, ben sexa durante a visita, ou xa de volta á aula. Se o recurso en cuestión precisa ser manipulado para a súa completa comprensión, irá indicado cun asterisco (*).



Introdución

A prehistoria da Península do Barbanza

A paisaxe galega está señoreada por tres tipos de monumentos, mámoas, petróglifos e castros, que son herdanza directa das xentes que habitaron o noso territorio durante a prehistoria. A súa natureza e función son ben distintas: uns foron lugares de enterramento; outros, representacións artísticas ao aire libre, seguramente puntos nos que se celebraban rituais; e outros, poboados fortificados, nos que se agrupaba a xente da época para vivir e protexerse. Pero ademais, cada un deles é representativo de algunha das etapas máis recentes en que se divide a prehistoria galega: Neolítico, Calcolítico – Idade do Bronce, e Idade do Ferro.

Mámoas, petróglifos e castros non son en realidade xeneralizables a toda Galicia, nin sequera exclusivos dela. Mámoas e castros con tipoloxía moi similar atópanse nas veciñas Asturias, occidente das actuais provincias de León e Zamora, e Norte de Portugal. Os petróglifos, porén, presentan unha distribución fundamentalmente atlántica, sendo máis abundantes no contorno das Rías Baixas, vales interiores da actual provincia de Pontevedra, e Norte de Portugal; existen algúns focos en Lugo e Ourense, pero en xeral son pequenos conxuntos, e son case completamente descoñecidos na Galicia oriental.

A Península do Barbanza é unha das zonas en que máis se ten centrado a investigación da prehistoria de Galicia. Son moitas as razóns que se poden aducir para que isto teña sido así: a súa situación costeira, a presenza dunha paisaxe rural pouco transformada até épocas recentes, ou mesmo a relativa proximidade a Santiago de Compostela, cidade na que se situaba a única universidade en Galicia até os anos 90 do século XX, e na que se concentraban todos os estudos de prehistoria e arqueoloxía. Pero a isto habería que engadir dous datos se cadra aínda máis importantes. Por un lado, a riqueza que presenta toda a zona en xacementos arqueolóxicos; por outro lado, o feito de que a zona fose albo do interese dos arqueólogos desde o comezo da investigación prehistórica do noso país.

Efectivamente, a península preséntase como un dos lugares de Galicia onde máis xacementos arqueolóxicos se conservan, e nos que estes se atopan en mellor estado. Aínda que supoñemos que xa estaba poboadada daquela, non se coñecen aínda xacementos adscribibles ao paleolítico, a etapa máis antiga do noso pasado, algo que en xeral é común a todo o territorio galego, por mor do escaso interese que ten despertado nos investigadores o estudo desta etapa da prehistoria. Para o megalitismo, porén, dispoñemos dunha das mellores concentracións de túmulos do Noroeste, a necrópole situada nos Chans do Iroite, no cumio da Serra do Barbanza (Boiro), que ademais alberga algúns dos mellores exemplares de dolmens conservados de Galicia (Casota do Páramo, Arca do Barbanza). A isto habería que engadir unha boa cantidade de túmulos espaxados por toda a península, entre os que salientan outros dous dolmens en moi bo estado de conservación, os de Axeitos (Ribeira) e mais Argalo (Noia). Con isto a Barbanza convértese, xunto coa Costa da Morte, nunha das mellores áreas de conservación dos megálitos, que xa era coñecida en época da xeración Nós, na década dos anos 20 do século XX.

Respecto aos castros, existe por toda a península unha boa cantidade de castros de moi variado tamaño, salientando entre todos eles os castros costeiros, situados en pequenas penínsulas. O interese dos mesmos foi visto axiña polos investigadores, de xeito que xa Florentino López Cuevillas e mais Fermín Bouza Brey practicaron, na temperá data de 1925, escavacións no Castro Pequeno do Neixón, sendo esta unha das primeiras escavacións científicas levadas a cabo en castros de Galicia.


A esta riqueza en mámoas e castros habería que engadir o descubrimento, nos anos 90 do século XX, dun importante foco de arte rupestre ao aire libre, característico do grupo galaico, se ben con características peculiares propias. Aínda que xa se coñecían petróglifos illados en datas anteriores, é nesas datas cando comezan a descubrirse novas estacións de gravados. E mesmo en sitios como o concello do Porto do Son, recentemente estudado, con máis dun cento de petróglifos, semella documentarse unha densidade bastante parella á presente noutras zonas con máis tradición no estudo dos petróglifos, como Campo Lameiro.



Os recursos do CAB

1. Panel: Plano de Galicia

Xusto na entrada, á esquerda, temos un plano de Galicia no que se sinala a península do Barbanza, para que vostede poida situar espacialmente a comarca na que nos atopamos. Neste punto pode aproveitar para explicar aos seus alumnos un pouco da historia da investigación arqueolóxica da comarca.



2. Maqueta: a península do Barbanza *

A sala está dominada por unha grande maqueta da península do Barbanza, na que se sinalan diversos puntos singulares da mesma, así como os xacementos arqueolóxicos que se coñecían na zona o ano en que se inaugurou o CAB. Segue a ser un recurso útil sobre a distribución dos mesmos por toda a península, aínda que nos últimos anos se teñen localizado novos xacementos por toda a comarca: algún castro,

varias mámoas, e numerosos petróglifos, estes últimos principalmente no concello de Porto do Son. Para facer visíbeis os xacementos, cómpre pulsar os botóns que existen na fronte da maqueta, e que iluminan, respectivamente, Megalitismo, Arte Rupestre, Xacementos Castrexos e a situación do propio CAB. Pulsándoos sucesivamente pode amosar á súa clase como existen diferenzas entre os tres tipos de xacementos arqueolóxicos:

- Os monumentos megalíticos existen por toda a península, pero presentan unha grande densidade nos cumios da Serra, onde rarean os outros dous, e mesmo as aldeas tradicionais.
- A arte rupestre concéntrase nas ladeiras e vales interiores da península.
- Os castros concéntranse na liña de costa e vales fértiles próximos a ela, mentres que apenas aparecen no cumio da Serra.

Estamos aínda lonxe de conseguir explicar con claridade estas diferenzas, pero parece que tras delas se agacha tanto a diferente funcionalidade dos xacementos (tumbas, lugares rituais, poboados), como as diferentes formas de explotar os recursos que teñen as comunidades humanas ao longo do tempo: mentres no neolítico, época dos megálitos, a xente prefería cultivar zonas de solos pouco profundos, pero tamén menos fértiles, no mundo castrexo vanse asentar preto dos fondos dos vales, máis fértiles, pero tamén máis difíciles de cultivar.




(c) Concello de Boiro



3. Panel: Liñas de tempo

Sobre a maqueta anterior figuran unhas liñas de tempo coa duración do megalitismo, Idade do Bronce e Idade do Ferro. En verde escuro sinálase a época de maior extensión de cada un dos fenómenos, mentres que en verde claro aparecen tanto a época de formación como a de lenta desaparición de cada un deles. Hoxe en día, temos mellorado as cronoloxías que figuran, e recoméndanse máis as que se poden ver na figura anexa. Ademais, no cadro non figura o Calcolítico, etapa final do neolítico. Así e todo, o recurso do CAB segue a ser útil para explicar a discontinuidade no tempo dos tres fenómenos que se amosan nel.



Neolítico: o mundo dos túmulos megalíticos

O megalitismo como fenómeno histórico

Hai aproximadamente uns 7.000 anos, as xentes que habitaban o que hoxe chamamos Galicia comezaron a abandonar a caza e mais a recolección como fonte principal da obtención de alimentos, para pasar a producilos de seu. É o fenómeno que coñecemos como Neolítico, a través do cal a agricultura e mais a gandería se irán estendendo paseniñamente polo territorio, nun proceso que será longo e lento. Esta transformación supuxo un cambio profundo nas relacións entre o home e mais a natureza: os seres humanos deixan de depender exclusivamente do que o medio natural lles ofrece, e, ata certo punto, pasan a dominalo, controlando os procesos de crecemento de animais e plantas. É no marco desas sociedades campesiñas aínda incipientes no que se dá a aparición, cara ao ano 4300 a. C., do fenómeno que chamamos megalitismo, case como unha consecuencia dese proceso de imposición dos seres humanos sobre o contorno.



O megalitismo galego presenta coincidencias na cronoloxía e nas formas arquitectónicas coas manifestacións parellas doutras rexións atlánticas europeas máis afastadas, desde Dinamarca ata o sur de Portugal. Pero dentro desta ampla rexión o megalitismo galego, xunto co do resto das áreas do NW peninsular, presenta unhas características que o fan peculiar: as construcións presentan como atributo común un túmulo ou montículo de terra que envolve unha estrutura central que non sempre é unha arquitectura megalítica en sentido estrito, é dicir, non sempre se realiza con grandes laxes. É esta a razón pola que en Galicia falamos mellor de fenómeno tumular.



Estes túmulos son perfectamente identificables na paisaxe, e así son coñecidos en galego cunha infinidade de nomes, entre os que son máis frecuentes os de mámoa, medoña, medorra, e modia. As mámoas son pequenos montículos elevados de forma brusca sobre o terreo circundante, cunha planta tendente a circular, aínda que tamén os hai ovalados. Adoitan presentar na súa parte central, a máis alta, unha escavación en forma de funil, que é produto dos saqueos realizados ao longo do tempo co obxectivo de reutilizar as laxes da súa estrutura central, ou de procurar os inexistentes tesouros que a tradición popular lles fai albergar. As súas dimensións son moi variadas, oscilando entre os 8 e os 70 m. de diámetro, aínda que os máis frecuentes están entre 15 e 25. A altura varía de apenas 50 cm., ata as que se aproximan aos 5 m., sendo máis abundantes entre 1 e 2 m. A súa composición é tamén diferente, pero predominan as que están feitas a base de terra limpa, peneirada, e sen apenas pedras, con excepción da súa superficie, onde adoita aparecer unha capa delas encaixadas entre si, que denominamos coiraza. Estas coirazas serven tanto para protexelos, como para facelos máis visibles, de aí que en ocasións se fagan de materiais escollidos, como o cuarzo branco.



As mámoas eran empregadas para o enterramento dos defuntos das poboacións que os erixiron. É por isto polo que adoitan ter, en posición aproximadamente central, unha estrutura sepulcral, que presenta deseños moi variados. Existen enterramentos pousados directamente sobre o solo, sen ningún tipo de cubrición, sobre os que despois se constrúe o túmulo; outros presentan unha única lousa chantada a carón do cadáver, pozos ou pequenas foxas nas que se depositaban os mortos, ou mesmo construcións feitas en madeira, das que apenas conservamos algunha pegada. Pero os máis populares son os clásicos dolmens, denominados popularmente antas, arcas ou fornos. Os dolmens presentan tamén



formas diferentes, desde as rectangulares, que denominamos cistas, pasando polas de forma tendente a circular, aberta ou pechada, ata aqueles que posúen un corredor na entrada, e que polo xeral son os que acadan maiores dimensións. Os dolmens que presentan este tipo de corredores adoitan ser os de maiores dimensións; teñen o acceso á cámara situado sempre no arco E ou SE do monumento, orientados ao sol nacente de inverno, que seguramente xogaba un papel importante na mitoloxía e ritual megalíticos. Ademais, presentan un complexo contido simbólico, xa que orixinariamente o seu interior estaba cuberto de pinturas e gravados con motivos xeométricos,

e na súa entrada depositáronse pequenas esculturas feitas con cantos rodados (“ídolos”), con forma vagamente humana. As pinturas estaban feitas en cores negro e vermello, para os que utilizaban, respectivamente, carbón vexetal e terras ricas en óxidos de ferro, que de seu teñen unha coloración encarnada; executábanse sobre un preparado branco, ao xeito dun encalado, feito con caolín amasado con manteiga de vaca.

A diversidade formal dos túmulos débese, por un lado, á longa pervivencia que ten o fenómeno tumular galego, xa que a construción e uso dos monumentos comeza a finais do Vº milenio a. C. e prolóngase durante case 3.000 anos, continuando, aínda que xa con moita menor intensidade, despois



do ano 2000 a. C. Pero ademais sabemos que algúns monumentos con estrutura central completamente diferente son practicamente coetáneos, o que nos permite supoñer que deberían ter un obxectivo distinto: algúns serían enterramentos individuais, mentres outros estarían deseñados para albergar varios cadáveres; e mesmo é posible que outros non fosen realmente enterramentos, senón algún tipo de monumento ritual non estritamente funerario. Desafortunadamente, a alta acidez dos solos galegos fai desaparecer por completo os ósos, polo que nunca poderemos establecer estas diferenzas de forma segura.

No interior das estruturas centrais depositaríanse os cadáveres, acompañados de obxectos da vida cotiá como machadas, frechas, coitelos ou colares, dos que unicamente conservamos as partes feitas en pedra. Ademais, no interior de vasos de cerámica dispúñanse ofrendas ou comida para o alén, como os restos dun cocido localizados nun recipiente do monumento de Dombate, que estaba feito case como o actual, con graxa animal e unha verdura tipo verza.

Apenas podemos achegarnos ás razóns que levaron a erixir un túmulo nun punto concreto do territorio. Así e todo, podemos sinalar varios aspectos. Por un lado, adoitan fuxir de pendentes escarpadas para situarse en puntos dominantes, desde os que se controla visualmente un amplo espazo circundante, o que á súa vez os destaca na paisaxe que os rodea. Outro aspecto importante é a súa situación xunto a lugares de paso, zonas que son usadas de forma natural para transitar e polas que posteriormente acabarán discorrendo os camiños tradicionais. Finalmente, a presenza previa doutro túmulo semella ser un factor fundamental; de feito, as mámoas adoitan aparecer en conxuntos formando auténticas necrópoles tumulares, é dicir, agrupamentos de varios monumentos situados a escasa distancia, en ocasións menos de 10 m.


A distribución dos túmulos polo territorio galego é bastante uniforme. Documéntanse tanto a escasos metros da costa, como nas altas montañas orientais. Porén, salientan unha serie de zonas onde a súa intensidade tende a incrementarse, como os cumios das serras de superficies aplanadas. Entre elas, a Serra do Barbanza é un dos exemplos máis senlleiros, con cerca de 40 túmulos que se espaxan polas súas chans.

Pero os túmulos non son unicamente a tumba da comunidade. Eles tamén supoñen a primeira apropiación consciente do espazo que coñecemos por parte dun grupo humano. A súa sobranceira presenza, modifica de xeito intencional a natureza e humaniza a paisaxe. Así, a comunidade converte á tumba no seu referente espacial, símbolo de apropiación do contorno en que asenta a comunidade, e son os devanceiros, sepultados no túmulo, os que posibilitan e garanten a permanencia no territorio.

Os recursos do CAB

4. Panel: evolución paisaxística dos Chans do Iroite.

Aínda que tamén os hai en zonas baixas, os cumios da serra do Barbanza, coñecidos como Chans do Barbanza ou do Iroite, presentan unha importante concentración de túmulos megalíticos. Neste panel preséntanse imaxes das fragas que no seu día ocupaban boa parte da serra, así como o sistema de deforestación que seguiron as poboacións neolíticas para conseguir a práctica da agricultura, coa queima das masas arbóreas para abrir claros no bosque nos que poder cultivar. En contraste, hoxe a Serra é unha paisaxe pelada e inculta, de aproveitamento extensivo: nela apenas temos arborado, xa que está ocupada fundamentalmente por brañas nas que pasta o gando ceibo, e na que se teñen producido novos usos, como a instalación de parques eólicos.





5. Panel: o fenómeno megalítico

Fronte ao clásico temo *megalitismo*, usado para denominar construcións feitas con grandes pedras, en Galicia o elemento máis característico de todos os monumentos é a presenza dun túmulo ou mámoa, un “vulto” ou montículo artificial de terra usado como sepultura. No interior destas mámoas encóntranse diversas formas de sepulcro, de entre as cales as máis famosas son os dolmens. Nas imaxes pode apreciarse un túmulo recortado no horizonte, auténtico fito moi facilmente identificable na paisaxe, e seguramente feito para ser visto desde unha grande distancia; xunto a el, un túmulo cunha estrutura dolménica no seu interior, e mais un dolmen, que axudan a explicar as diferenzas entre ambos termos.

6. Maqueta e panel: as Chans do Iroite en época neolítica.

A maqueta representa a zona das Chans cos seus túmulos (pequenas manchas brancas de planta circular). A selección do lugar no que se sitúa unha destas tumbas non se realizou ao chou, senón que debía estar perfectamente planificada. Adoitan situarse preto dos campamentos nos que vivían os seus construtores, preto dos campos de cultivo, e a carón de rotas de paso, polas que co tempo se irán consolidando os camiños. Unha tendencia importante que existe na distribución dos monumentos é a súa inclinación a concentrarse en grupos, que os arqueólogos denominamos necrópoles. Estas necrópoles poden ser pequenas, de 2 a 4 túmulos, ou grandes concentracións como a dos Chans do Iroite, que supera os 20. Os túmulos convértense así nun símbolo da comunidade que, a través deles, manifesta dalgunha forma a propiedade sobre o territorio. E son os devanceiros sepultados nas tumbas os que na práctica se están a converter nos garantes desa propiedade comunal.

7. Panel: a construción dun túmulo con dolmen de corredor.

Diversas imaxes nas que se pode apreciar de novo as distintas partes dos monumentos, e mais o seu proceso de construción. Cómpre salientar a grande planificación que debía existir na construción dos monumentos, que debían de estar moi ben pensados desde os seus inicios, así como a pericia que debían ter as xentes á hora de cortar e trasladar unhas lousas tan grandes, para que non lles rompesen. As imaxes do proceso construtivo están desordenadas (1ª fase: dereita; 2ª fase: esquerda; 3ª fase: centro). Dúas fotografías que completan o panel. Unha permítenos ver un túmulo en proceso de escavación, na que se pode apreciar a cuberta de pedras (coiraza) que recobre a moitos, e que sería a imaxe exterior que terían do monumento os seus construtores. Na outra, vemos un detalle das pinturas que se conservan nun dolmen de corredor. Porque o interior dos grandes dolmens estaba en orixe completamente recuberto con pinturas, en cores vermella (feita con terras ricas en óxidos de ferro, que presentan esa cor de forma natural), e negra (realizada con carbón), e aplicados sobre unha especie de encalado no que se utilizaba manteiga de vaca para xuntar a masa.

8. Maquetas: a Arca do Barbanza.

Comparación entre o estado actual do monumento da Arca do Barbanza, o dolmen máis grande da serra e un dos máis grandes de Galicia. O seu estado actual, sendo bastante bo, presenta moitas alteracións con respecto á forma orixinal: fáltalle algunha lousa da estrutura, unha das cubertas está desprazada do seu lugar orixinal, e presenta un profundo pozo de saqueo no seu interior, producido tanto polas labores de cantería que permitiron a extracción da lousa que falta, como por remocións de buscadores de inexistentes tesouros, porque cómpre lembrar que estas



(c) Concello de Boiro



xentes aínda non coñecían o traballo dos metais. Na recreación ideal de como debeu ser o monumento pódese apreciar a capa de pedras que o recubría en orixe (coiraza), que servía tanto para conter as terras do túmulo e que non se erosionasen, como para facelo aínda máis visible e monumental. Fronte á entrada, a coiraza interrompíase e creábase un corredor de acceso, a través do cal se farían os diferentes enterramentos. Por diante desta entrada dispúñase unha fileira de esculturiñas. Son unhas pezas feitas sobre cantos rodados nas que se practican unha serie de escotaduras ao xeito duns brazos, o que confire ao conxunto un aspecto vagamente antropomórfico (ver recurso 9). Estes *idoliños* poden representar tanto aos mortos depositados no interior do monumento, como a unhas deidades relacionadas coa morte, e que protexen coa súa presenza a entrada da tumba.

9. Réplicas e deseños: enxoval recuperado nos túmulos.

Aparecen diversos tipos de pezas líticas que é frecuente atopar na escavación dun túmulo. Son, ademais de idoliños, a parte feita en pedra de diversas ferramentas: aixadas (p. ex., nº 6), coitelos (láminas: p. ex., nº 9) e frechas (punta: p. ex., nº 1 e 11). Estas pezas adoitaban acompañar aos defuntos na súa viaxe ao alén, ben como ofrendas depositadas na súa honra, ou ben como instrumentos da vida cotiá que precisarían na outra vida. Non aparecen representados recipientes de cerámica, que tamén son frecuentes, xeralmente lisos, sen ningún tipo de decoración, até épocas moi serodias do fenómeno megalítico.

A arte rupestre do Calcolítico e da Idade do Bronce

O grupo galaico de arte rupestre

A arte prehistórica é unha das realidades que máis nos chama a atención do acervo que nos teñen legado as xentes do pasado. Trátase dun conxunto de representacións pintadas, ou, como sucede no caso galego, gravadas na rocha, que aos nosos ollos acadan uns valores estéticos importantes. Nós considerámoslos desde o punto de vista da arte, en canto que representación figurada da realidade. Pero seguramente non xurdiron como unha representación artística de seu. Os seus autores non buscaban exteriorizar con ela a súa vocación estética, senón que as utilizaban para axudarse na súa vida cotiá, ben como actos máxicos para a realización de determinadas actividades, ben como produtos de rituais complexos que se nos escapan.

Por arte rupestre entendemos todas aquelas representacións realizadas sobre a rocha, xa sexan executadas no interior de covas ou ao aire libre, pintadas ou gravadas. Os denominados petróglifos galegos forman parte do grupo galaico-portugués de arte rupestre, ou grupo do NW. A zona de maior concentración de petróglifos é a cunca do río Lérez e mais as Rías Baixas máis próximas a aquel, mentres que tenden a escasear a medida que nos internamos no territorio galego, ou nos afastamos en dirección norte e sur. En toda a zona as representacións realízanse por gravado das imaxes nos afloramentos rochosos que se localizan ao aire libre. Precisamente, o feito de atoparse sobre penedos ao aire libre, e polo xeral sen asociación a outro tipo de xacementos arqueolóxicos, dificulta tremendamente a súa datación. De feito, en Galicia seguiron a gravarse petróglifos en épocas medievais e modernas, ou mesmo a comezos do século XX, como entretemento dos pastores, o que dificulta moito a interpretación e atribución cronolóxica dos conxuntos. Así e todo, hoxe podemos atribuír a maior parte da arte rupestre galega ao Calcolítico e comezos da Idade do Bronce, grazas a algúns dos elementos que aparecen representados neles, e ao feito de que varias rochas teñan aparecido sepultadas ou reutilizadas en vivendas dos castros, o que supón que daquela xa perderan todo o seu sentido. De feito, a maior parte dos investigadores defende unha época de realización curta ou moi curta, de pouco máis de 1.000 anos, entre o 3000 e o 1700 a. C. Así e todo, existen intentos para atribuír algúns conxuntos á Idade do Ferro, pero aínda non hai consenso ao respecto.






Nos petróglifos prehistóricos existen dous tipos principais de motivos: os abstractos, que denominamos habitualmente xeométricos, e mais os naturalistas, que recollen imaxes que somos quen de identificar, aínda que a súa interpretación non sexa tan doada. Nos motivos xeométricos predomina a liña curva. Os máis sinxelos son as cazoletas, ocos escavados na rocha a xeito de puntos, polo xeral de escaso diámetro, uns 3 ou 5 cm., aínda que tamén os hai de dimensións considerables. O resto dos motivos configúrase mediante liñas curvas insculpidas (sucos), que forman combinacións a base de círculos concéntricos de tamaño variable, con ou sen radios; pero tamén hai espirais, labirintos ou motivos en retícula. É frecuente que nunha mesma rocha se graven varias destas figuras xuntas.

Nos motivos naturalistas, existen tres grandes grupos: os animais, as figuras humanas e as armas. Os animais que se representan son maioritariamente cérvidos, ás veces machos de

grandes cornamentas (as femias carecen de cornas). Na península do Barbanza existe ademais unha forma peculiar, que lembra máis ás cabras, en varias rochas do actual concello de Ribeira. As armas representadas son puñais, espadas, alabardas, ou o que parecen escudos. A través delas podemos supoñer a importancia que debía ter na época a actividade bélica, ou polo menos a ostentación pública das armas. A figura humana non é moi abundante na arte rupestre galega, e adoita aparecer asociada ás armas, empuñándoas, ou aos animais, configurando escenas de caza, pastoreo, ou monta, seguramente representando temas mitolóxicos ou simbólicos que nos resultan imposibles de coñecer.



As figuras aparecen representadas utilizando non unha escala real, senón o que se denomina escala xerárquica. Segundo este principio, adquiren maior tamaño os elementos que máis se queren resaltar. Unhas veces será algún dos motivos xeométricos, e outras os animais ou un animal en concreto. E cando están presentes as armas, adquiren un enorme tamaño, descomunal se o comparamos cos animais e figuras humanas. Nalgúns paneis, e a pesar da desorde, intuimos que se está representando unha escena concreta, como unha cacería ou o ascenso dun rabaño de animais pola ladeira. Pero a miúdo a lectura resulta moi difícil, xa que se documentan superposicións de figuras, o que demostra que os motivos que se atopan sobre unha mesma rocha foron gravados en ocasións sucesivas.


A case totalidade dos petróglifos realizouse sobre rochas graníticas. Os prehistóricos buscaban habitualmente superficies lisas para gravar, fuxindo doutras máis rugosas, e dispostas en horizontal, practicamente a ras de solo, polo que son pouco perceptibles na paisaxe se nos afastamos un pouco delas. Noutras ocasións, porén, escolleron rochas senlleiras moi visibles na paisaxe, gravando sobre superficies con grande inclinación, ou mesmo dispostas en vertical. Resúltanos difícil explicar estas diferenzas de forma clara. Algúns penedos gravados puideron estar envoltos en rituais de diverso tipo, desde prácticas propiciatorias da caza, ata rituais de iniciación para determinados grupos da poboación. Isto é especialmente claro naqueles casos en que se sitúan en penedos dispostos en zonas de ampla visibilidade e control do territorio, ou sobre rochas prominentes e facilmente identificables na paisaxe. Os gravados con combinacións circulares adoitan situarse en afloramentos desde os que se dominan lugares de aproveitamento extensivo, como brañas actuais, posibles lugares de pasto ou caza no pasado, ou en sitios próximos a zonas baixas, desde os que se dominan as áreas idóneas para albergaren os poboados.



Os recursos do CAB

10. Maqueta: a estación de arte rupestre dos Mouchos (Rianxo) *

A maqueta, realizada a tamaño natural, representa á perfección o que é a arte rupestre, representacións artísticas sobre a rocha, e amosa un dos petróglifos máis característicos da zona do Barbanza. Pódese apreciar á perfección como están realizados, a base do piqueteado das pedras configurando sucos que dan forma ás diferentes figuras. En xeral, logo de que pasasen máis de 3.000 anos desde que foron feitos, e tamén polas características da pedra en que se gravaron, o granito, preséntanse moi erosionado; de aí que a forma máis doada de identificalos sexa a través da luz rasante que proporcionan o



amencer, o solpor, ou unha luz artificial de noite. Ao premer nas luces da maqueta amósanse alternativamente algunhas figuras que apenas eran perceptibles sen a luz rasante: dous cérvidos representados como se estivesen a subir a ladeira, e outra, xa no cumio, dada a volta. É fundamental



facer fincapé no alumnado de que a forma correcta de ver os petróglifos e observándoos así, con luz indirecta, e nunca pintándoos con xiz ou outros elementos, porque deste xeito a rocha deteriórase e os gravados corren perigo de desaparecer. Nas imaxes da maqueta pódese ver como existe unha representación xerarquizada das mesmas, de xeito que a imaxe máis grande é a da esquina inferior esquerda, que representa a un gran macho (identificable pola cornamenta, xa que as femias carecen de cornas). Seguramente o conxunto está a representar algunha escena ou mito que nos resulta imposible coñecer.

11. Panel: características xerais da arte rupestre do NW.

Podemos observar un plano de dispersión dos petróglifos na Galicia actual, que como vemos non é todo o territorio, senón aquelas zonas (e non todas) nas que é máis frecuente a presenza de rochas graníticas. Cómpre lembrar que tamén os hai na parte máis occidental do norte de Portugal. Tamén se poden ver imaxes dos diversos motivos que son máis frecuentes na arte rupestre do noroeste, tanto abstractos (círculos concéntricos, círculos con cazoletas) como figurativos (animais, case todos eles cabalos ou cérvidos, e, á esquerda do gran círculo, unha escena de monta). Ningunha delas representa escenas da vida cotiá, como sucede noutros tipos de arte rupestre: na arte do levante español, por exemplo, son frecuentes as representacións de persoas recollendo mel. No caso galego, porén, énos imposible de acceder á temática que agachan os motivos abstractos, pero para os naturalistas podemos intuír que son representacións da caza ou da guerra, a maior parte das veces manifestadas de forma indirecta, pola exhibición de manadas de cervos, ou de armas de grande tamaño.

12. Vitrina: reprodución de material da época

Recóllense diversos materiais que son frecuentes entre as xentes que realizaban os petróglifos en Galicia: a folla metálica dun puñal característico de comezos da Idade do Bronce, coñecido como puñal de espigo (fáltalle o mango), e dous tipos de olas cerámicas, unha lisa, sen decoración, e outra profusamente decorada, con forma de campá invertida, e que coñecemos como ola campaniforme, un tipo de cerámica que se estende, con variantes, por toda a Europa occidental a comezos da Idade do Bronce.



A Idade do Ferro: A Cultura Castrexa

A Idade do Ferro en Galicia: o mundo dos castros

Castro é a denominación máis popular que recibe en galego un tipo de recinto artificial de planta ovalada ou circular, rodeado por terrapléns ou murallas, que a tradición popular adoita considerar moitas veces como “cidades” abandonadas, habitadas nun pasado mítico polos mouros. Estes recintos correspóndense maioritariamente cos poboados fortificados característicos da Idade do Ferro, até o punto de que o termo ten sido usado para denominar a toda a cultura da época, a castrexa.

Cara a finais da Idade do Bronce, a partir do 1200 a. C., nun proceso que aínda non coñecemos ben, as xentes que habitaban Galicia comezan a fortificar algúns dos poboados nos que habitaban. En principio son pequenos recintos situados en puntos con abundantes rochedos e facilmente defendibles, limitados por unha muralla moi sinxela, ao xeito dunha terraza ou terraplén. Co paso do tempo, este



tipo de poboados irá gañando peso, ao tempo que se melloran os seus sistemas de defensa, até o punto de que durante a Idade do Ferro serán practicamente o único tipo de asentamento das xentes da época. Os castros están xa consolidados como tales cara ao ano 800 a. C., e seguirán en vigor até o século I d. C, logo da conquista romana do Noroeste, e algúns mesmo con posterioridade.

A sociedade castrexa era unha cultura campesiña e guerreira, de aí que o emprazamento dos castros teña que cumprir dúas funcións fundamentais. Por un lado, a proximidade ás terras máis aptas

para o cultivo, así como ao abastecemento de auga, no caso de que non existan mananciais no interior do poboado. Pero ademais, deben situarse en puntos estratéxicos, de defensa doada e desde o que se controle visualmente o territorio que se explota. De aí que desde o seu exterior se perciba como unha auténtica fortaleza, cunha intención claramente intimidatoria, que se adoitaba incrementar coa construción dunhas defensas monumentais. Como consecuencia destes dous factores, os castros adoitaban erixirse en lugares na periferia dos fondos dos vales, de pendentes suaves e altitudes medias ou baixas, fuxindo na medida do posible de relevos accidentados e rareando en zonas de serra. Nas zonas próximas ao mar, ademais, primou tamén a necesidade de acceso ós recursos mariños, pesca e marisqueo, o que en ocasións orixinou que se levantasen castros en pequenas penínsulas, ben defendidas de xeito natural, pero con dificultades para acceder ós campos de cultivo.

Podería dicirse que o castro é en realidade unha aldea fortificada de planta circular ou ovalada. Aínda que de dimensións moi variables, en función da xente que vivise neles, a maioría son de pequeno tamaño, en torno a media ou unha Ha, cunha superficie habitable de apenas 50-75 metros de diámetro. As estruturas defensivas artificiais son o seu elemento máis característico. Rodean por completo o poboado e a súa altura é variable, non





sendo sorprendente que superen os 4 m. Polo exterior, as defensas complétanse con grandes foxos, é dicir, escavacións profundas que rodean a muralla, e que aumentan aínda máis a impresión de altura que tiña esta de seu; xeralmente a terra que se extraía para facelos era aproveitada para construír ó seu carón a muralla. En ocasións o sistema defensivo complícase de xeito importante, coa presenza de varios foxos concéntricos, con varias liñas paralelas de murallas ou mesmo de pequenos treitos de muralla que reforzan partes menos protexidas. A entrada ó recinto adoita estar situada no lado máis accesible, que xeralmente coincide tamén con aquel onde se sitúan os campos de cultivo da comunidade.



Sempre ao interior das murallas sitúanse as diferentes construcións do poboado, cunha distribución caótica aos nosos ollos, pero que en realidade agacha un certo urbanismo, cunha serie de rúas principais, de trazado sinuoso, en ocasións empedradas, ou mesmo pequenas prazas.

As vivendas poden ser circulares ou ovaladas, con menos frecuencia rectangulares, e de dimensións pequenas, polo que se pensa que en cada unha viviría unicamente unha familia nuclear similar ás nosas, é dicir, os pais cos seus fillos. No seu interior sitúase, no centro ou pegada a unha das paredes, unha lareira que servía para quentarse e cocinar os alimentos. Ademais, outras construcións parecen ser almacéns de alimentos, e algunhas, de maiores dimensións, semellan edificios públicos de uso comunal, posibles centros de reunión.

A economía castrexa baseábase na agricultura e mais na gandería. Cultivábanse fundamentalmente cereais, principalmente o trigo, que era a base da alimentación, e en menor medida millo miúdo e mais avea. Con eles facíase fariña nos abundantes muíños de man que aparecen nos castros. Como complemento, hai unha importante presenza de diversas variedades de verzas, e mais leguminosas, como fabas e chícharos. Ademais, facíase unha importante recolección de landras, que todo parece indicar que se destinaban ao consumo humano, para a realización de pan ou gachas, xa que recibían un tratamento similar ao que na Galicia tradicional se daba ás castañas. Entre os animais domésticos salientan ovellas, cabras e porcos, que se explotaban fundamentalmente para o consumo de carne; o porco seguramente xa se comía curado, como na Galicia tradicional. Do gando vacún obtíñase leite, ademais de realizaren funcións de tiro para carros ou arados. Tamén había cabalos, que eran usados como montura dos guerreiros, e, probablemente, tamén no tiro.



Nas zonas costeiras practicaban tamén a pesca e mais o marisqueo dun xeito habitual, deixando os desperdicios en zonas marxinais do poboado, ou mesmo en recunchos entre as casas. Forman auténticos basureiros que, pola abundancia de cunchas, adoitamos denominar cuncheiros, pero nos que aparecen todo tipo de refugallos. Os mariscos presentes son todos da zona que queda ó descuberto durante a marea baixa nas proximidades do castro; se se trata dunha costa batida, predominan os mariscos de rocha, como a lapa, mexillón, ourizo ou percebe; se a



costa é pouco batida e ten praias nas súas proximidades, predominarán os mariscos de area como o bígaro, a ameixa e a ostra. A práctica pesqueira, que se realizaba con canas e anzois, é unha actividade un tanto azarosa, polo que existe unha maior diversidade de especies capturadas, pero todas elas se poden atopar tamén no contorno inmediato ó poboado, moi próximas á costa.


Ademais, en case todos os castros se practicarían tamén actividades artesanais, como a olaría, a fabricación de roupa, e, en maior ou menor medida, a actividade metalúrxica, con pequenas forxas. En zonas costeiras, como nos dous castros do Neixón, documéntase a existencia de constantes contactos comerciais con diferentes pobos do mediterráneo, púnicos primeiro, e logo, antes da conquista definitiva do Noroeste, cos romanos. Neles é frecuente atopar diversos produtos de importación, como ánforas, nas que se traería viño ou aceite, recipientes de calidade feitos en cerámica ou vidro, ou mesmo adornos. Todos eles indican a existencia de rotas de intercambio máis ou menos permanentes con xentes chegadas polo mar desde centos de quilómetros.

A longa perduración dos castros, case 700 anos, supón que neles existen cambios importantes ao longo do tempo. Nos máis antigos as murallas son fundamentalmente de terra, as vivendas son de grandes dimensións e feitas con pólas e barro, en ocasións con zócalos de pedra, e as cerámicas que se atopan no seu interior apenas están decoradas. A partir do século IV a. C. xeneralízanse as murallas de pedra, e constrúense complexos sistemas defensivos a base de foxos e parapetos que rodean o poboado; as vivendas serán feitas fundamentalmente con paredes de pedra e teitos de colmo, e as cerámicas comezan a estar profusamente decoradas, especialmente na zona das Rías Baixas. Un exemplo característico desta situación represéntana os dous castros do Neixón, representativos de ambas situacións descritas. Na fin do mundo castrexo, xa próxima a conquista romana do Noroeste peninsular, desenvólvense castros de grandes dimensións, auténticas “cidades” polo volume de poboación que albergaron, como son os famosos castros de Santa Trega (A Guarda, Pontevedra) e San Cibrán de Las (San Amaro – Punxín, Ourense).

Os recursos do CAB

13. Panel: a cultura castrexa na península Ibérica.

Un mapa da península Ibérica permite situar o mundo castrexo espacialmente no NW, Galicia e zonas fronteirizas ao leste e sur, mentres que un cadro cronolóxico o sitúa temporalmente. Realmente a cultura castrexa é a manifestación local da Idade do Ferro, momento no que ademais da xeneralización deste metal por Europa, tamén se produce o xurdimento de sociedades máis xerarquizadas, e asentadas maioritariamente en poboados fortificados. Aínda que existen asentamentos semellantes aos castros fóra do NW, presentan unha cultura material un tanto diferenciada que fai que pensemos que se trata de pobos diferentes. Unha imaxe ideal dunha paisaxe da Idade do Ferro en Galicia permite explicar en que consistían os castros, que non son outra cousa que aldeas fortificadas. A imaxe presenta tres castros, dous xunto ao mar, e un terceiro máis ao interior. En xeral os castros galegos son de pequenas dimensións, non superando os 50-75 m. de diámetro ao interior do espazo amurallado, o que non permitía grandes aglomeracións de xente; pero ao final do mundo castrexo, nos comezos do contacto co mundo romano, algúns agrúndanse en tamaño, até configurar auténticas cidades de varias hectáreas de extensión. O que si é peculiar do NW peninsular é que o castro semella ser o único tipo de asentamento das xentes da época, mentres que noutras zonas da península si coñecemos pequenas aldeas ou mesmo granxas sen fortificar.





14. Panel: a forma do castro.

A planta do castro adoita ser sempre circular ou ovalada. O feito de que os castros se presenten amurallados amósanos que se trata de asentamentos deseñados no momento de construírse, o que implica unha importante colaboración entre todos os membros que forman a comunidade. Xunto a unhas fotos aéreas dos Castros de Neixón e Baroña, o panel presenta restitucións da imaxe orixinal que presentaría un barrio dun castro, e unha explicación de como é o seu sistema defensivo ideal, con fotos das defensas dun castro na actualidade, e mais unha reconstrución ideal das mesmas en planta e sección.

15. Réplica: cabana castrexa.

Aínda que a variedade das formas das vivendas é moi ampla, en xeral na zona das Rías Baixas parecen ser máis abundantes as vivendas circulares como a que se representa aquí a tamaño real. As vivendas estaban feitas a base de cachotería, coas pedras asentadas sen ningún tipo de argamasa, e sen apenas máis ocos cá porta. Teitábanse con colmo de cereal, posiblemente de trigo, que era o máis consumido. No centro accédese á vivenda reconstruída por unha “rotura” artificial na parede, que nos vai permitir circular a través dela sen problemas, para logo saír a través da porta; é este un feito importante que

seguramente deba ser explicado para unha mellor comprensión. No interior temos unha reprodución da lareira, que servía tanto para quentarse como para cociñar; os fumes e os gases saían a través do colmo do tellado, tal e como sucedía nas pallozas tradicionais, ademais de por un pequeno ventanuco situado na parte alta da parede. O piso de cor negra tenta reproducir o tipo de solos que presentan as vivendas, polo xeral feitos de terra machucada e endurecida. Distribuídos pola vivenda podemos observar diversos recipientes cerámicos, uns destinados á elaboración, cocción e consumo dos alimentos (os de pequeno tamaño), e outros dedicados á



almacenaxe (os maiores). Tamén podemos apreciar zonas de despensa, ou un estante. Un panel situado tamén no interior representa outros tipos de cabanas que existen nos castros galegos, en ocasións feitas con pallabarro, das que apenas temos indicios nas escavacións a non ser que se cimentasen nunha gabia, ou nun pequeno zócalo de pedras, caso este último que se dá no castro de Neixón Pequeno. Noutras ocasións (panel inferior) un conxunto variable de edificacións xustapostas forman unha única vivenda, correspondendo cada recinto a un cuarto con funcionalidade diferente (cociña, obradoiro, almacén).

16. Muíño. *

Á saída da vivenda, xusto diante da porta, temos reproducida unha especie de pequena praza, na que se aprecia a esquina dunha nova vivenda e mais o espazo existente entre elas, que adoitaba ser usado para a elaboración dos alimentos, fundamentalmente a moenda dos cereais. Os muíños máis frecuentes na Segunda Idade do Ferro, a partir do século III a. C., son os muíños circulares como o que se representa, que permiten unha moenda moito máis doada cós antigos, de tipo barquiforme. Considerados tradicionalmente como introducidos polos romanos, nos últimos anos sabemos que a súa extensión polo NW é algúns séculos anterior á chegada deles. Permita aos seus estudantes que movan o muíño situado á dereita da praza, para que poidan familiarizarse co seu funcionamento. Como curiosidade, a carón do muíño hai un cesto de vimbias, un tipo de material perecedoiro que podrece axiña, polo que non temos constancia arqueolóxica del, pero que seguramente debía de existir. No



interior do mesmo, unha morea de landras, que supoñemos eran recollidas para o consumo humano, porque eran sometidas a un tratamento similar ao que recibían as castañas na Galicia tradicional: retirábaselles o cascabullo da base, a partir do cal se unen á árbore, e, logo, mondábase a cobertura, para gardar unicamente o froito interior (glande) que era secado no lume co fin de prolongar a súa preservación.

17. Cuncheiro.

As sociedades prehistóricas como a castrexa non tiñan o mesmo concepto do lixo ca nós, de aí que sexa frecuente atopar pequenas concentracións de desperdicios no interior do espazo habitado, en espazos entre casas, diante das portas. Desgraciadamente, os solos galegos son tan ácidos que non permiten a conservación de restos orgánicos tan antigos, xa que os ósos, madeira e materiais similares acaban disgregándose no terreo. A esta regra xeral escapan o que denominamos *cuncheiros*, pequenas ou grandes concentracións de cunchas de marisco que son frecuentes nos castros costeiros. En realidade son vertedoiros, ben de pequeno tamaño, no interior do espazo habitado, ou grandes concentracións en zonas marxinais do asentamento. A súa peculiaridade reside en que a abundante presenza de cunchas de marisco ten permitido, pola abundancia de cal que estas presentan, a conservación doutros restos orgánicos, como ósos de animais. Grazas a eles podemos achegarnos polo miúdo á alimentación animal das xentes da época, ou mesmo atopamos neles animais domésticos sepultados, como un can localizado en Neixón. Ademais, entre as cunchas é frecuente atopar outros materiais, como cerámica ou metal, en xeral en moi bo estado de conservación.

18. Panel: Actividades cotiás nos castros do Neixón.

O CAB está situado a carón de dous xacementos singulares, o Castro Pequeno e mais o Castro Grande do Neixón. Están moi próximos entre si, nunha península rodeada polo mar. O pequeno é o máis antigo, emprazado no extremo da península, e parece abandonarse cando se constrúe o grande, nun punto máis afastado do mar e un pouco máis próximo aos terreos de cultivo. O panel amosa algunhas das actividades cotiás que practicarían as xentes que os habitaron, sinalando as zonas onde se practicarían sobre unha fotografía na que se representa como sería a paisaxe do Neixón hai 2.000 anos.

- O tecido practicaríase no interior dos poboados. A obtención dos fíos facíase en fusos, similares aos tradicionais, que se remataban en pequenas pezas circulares de pedra ou cerámica coñecidas como fusaiolas, moi frecuentes nos castros. Os fíos tecíanse despois en teares verticais de madeira.
- O coidado dos campos de cultivo e mais dos animais domésticos practicaríase nas proximidades dos castos, non lonxe de onde está hoxe en día o CAB.
- O marisqueo nas praias e rochedos próximos.

Un texto do historiador romano Estrabón sobre os habitantes do NW completa unha imaxe dos mesmos na súa vida cotiá.

19. Replicas: ánforas.

A castrexa non era unha sociedade pechada en si mesma, senón que practicaba o intercambio comercial con pobos chegados de lugares afastados, como o mediterráneo. Como os habitantes do NW non empregaban aínda a moeda cambiaban viño, aceite e outros produtos que non se producían aquí, por metais. Viño e aceite transportábanse daquela en *ánforas*, recipientes de forma estraña, porque non permiten situalos en vertical, pero adaptados ao fondo dos barcos nos que se transportaban, onde se sostían con facilidade. Ademais, cando se chegaba á costa, cravábanse facilmente na área durante o desembarco. As ánforas están moi ben estudadas polos arqueólogos, polo que son un material moi facilmente identificable. Mesmo a partir dun mínimo anaco podemos saber á súa época de produción, e, daquela, axudan a dar unha cronoloxía ao asentamento no que aparecen.



20. Panel: A navegación na antigüidade.

A navegación durante a antigüidade era fundamentalmente de cabotaxe, é dicir, realizábase a pouca distancia da costa, e con frecuentes paradas para abastecerse de alimentos, descansar, e, se se trataba de barcos comerciais, realizar intercambios cos indíxenas. Nos castros situados próximos á costa é moi abundante a presenza de materiais alleos á cultura castrexa, traídos polos pobos do mediterráneo que buscaban a cambio metais, nos que é moi rico o territorio. Castros como os do Neixón deberon ser puntos de comercio, e neles aparece abundante material fenicio, pobo do mediterráneo oriental asentado en pequenas factorías ou colonias no sur da península Ibérica. Despois, a partir do século II a. C., comezarán a aparecer materiais de orixe romana, con moita anterioridade á integración do NW no imperio romano.

21. Panel: a pesca no mundo castrexo

Os útiles de pesca que coñecemos son moi básicos, fundamentalmente anzois feitos en bronce, non moi diferentes dos actuais, e poutadas, que servirían de pesos para redes. Estes instrumentos dannos a entender que a pesca era unha actividade fundamentalmente costeira, feita desde a beiramar ou apoiándose en pequenas barcas. De feito, a maior parte dos restos de peixes que se atopan nos concheiros pertencen a especies que se poden atopar na zona intermareal, sendo os peixes de fondo moi escasos. Hai unha grande variedade de especies consumidas, como corresponde a unha actividade tan azarosa como é a pesca con cana (ver panel 23).

22. Recreación: corte estratigráfico dun concheiro.

A acumulación de lixo co paso do tempo nun mesmo punto dá paso á formación de grandes cuncheiros, nos que se acumulan non só cunchas, senón tamén ósos, cerámicas, ou cereais coa area traída polo vento ou procesos semellantes. Co paso do tempo vanse formando grandes amontoamentos que permiten estudar os cambios ocorridos no consumo ao longo do tempo, xa que os materiais depositados no fondo do cuncheiro serán máis antigos cós das zonas superiores. É o que chamamos estratigrafía, unha das bases en que se asenta a arqueoloxía.

23. Panel: especies de mariscos e peixes presentes na dieta castrexa. *

As especies son practicamente as mesmas ca na actualidade, coa excepción de que a lapa, moi consumida en época castrexa, non se come hoxe en día na península do Barbanza (aínda que si noutras zonas da península Ibérica, como Asturias). As especies seguen a existir todas, sen ningún cambio a nivel evolutivo. O único que semella variar é a cantidade e calidade das mesmas, xa que en época castrexa aínda non estaban sobreexplotadas, polo que o tamaño medio dos animais é maior que o que podemos ter actualmente nas nosas mesas. Podedes abrir os caixóns do panel para ver os distintos tipos de cunchas que atopamos nos castros.

24. Panel: estudo malacolóxico de Neixón, Baroña, Queiruga e Achadizo.

O estudo do consumo de mariscos (malacoloxía) en catros castros costeiros da península do Barbanza permite apreciar diferenzas entre eles, que en realidade respostan non tanto aos gustos de cada zona, senón ao tipo de especies que se poden atopar nas proximidades de cada poboado aínda hoxe. Así por exemplo, en Baroña e Queiruga, poboados rodeados de abundantes cantís e situados practicamente en mar aberto, hai un consumo desaforado de Lapa (86%), e está presente o percebe. En Neixón, porén, non existe o percebe nin sequera hoxe en día, polo que non está presente, e predomina o caramuxo, como corresponde a unha costa menos batida. Todo isto indícanos que o consumo de marisco non era daquela, como hoxe en día, e como sucederá logo en época romana, un produto de luxo, ou para acompañar determinadas celebracións. Máis ben parece que son un complemento á dieta, durante as épocas en que escasean o resto dos produtos, de aí que unicamente recollan aqueles que teñen máis a man, e non se despracen uns quilómetros na busca doutras especies que si consumen noutros poboados por telas próximas.



A SALA ITINERANTE

Durante a súa visita ao CAB coa súa clase non deixe de visitar a sala itinerante que existe no primeiro andar. Na mesma é moi probable que atope algunha *exposición temporal* na sala existente aos efectos, normalmente de temática arqueolóxica ou vinculada ao tema do patrimonio cultural.

Ademais, nun espazo situado a un nivel inferior, e que é un magnífico miradoiro sobre a sala na que se reconstrúen as cabanas castrexas, poderá amosar ao alumnado unha pequena *selección do material* que os arqueólogos están a recuperar nas súas escavacións no Castro Grande,

reiniciadas no ano 2003. Como estas están aínda en curso, os materiais que se expoñen son actualizados case anualmente, polo que non todos os anos atopará os mesmos. En cada vitrina poderá apreciar os diversos tipos de materiais que se están a documentar, entre os que podemos salientar:



(c) Concello de Boiro

- Lixo contemporáneo, deixado pola xente que fixo en datas recentes ocupacións temporais do lugar (por exemplo, comidas campestres).
- Ósos e cunchas de animais, fundamentalmente restos de comida, aínda que tamén algún útil (mango de instrumento).
- Cerámicas, tanto indíxenas (cerámica castrexa, entre as que abundan as asas de xerras profusamente decoradas, algunhas con series de parrulos) como importadas (fragmentos de ánforas e outras cerámicas romanas). Unha grande tapadeira reconstruída instalada recentemente permite apreciar o traballo de arqueólogos e restauradores que, a partir de numerosos fragmentos, son quen de reconstruír pezas case completas.
- Materiais relacionados coa metalurxia, desde os recipientes cerámicos que serven para o traballo de fundido do metal (crisois) até pezas produto deste traballo e que foron usadas polos habitantes do castro (fíbulas, plaquiñas).
- Pezas feitas en pedras, entre as que salientan os instrumentos de moenda.



OS CASTROS DE NEIXÓN

Os dous castros de Neixón, coñecidos popularmente como Castro Pequeno e Castro Grande, son unha visita inescusable como complemento ao CAB, tendo en conta que este se situou ao seu carón. Son coñecidos na investigación arqueolóxica desde a época da xeración Nós e do Seminario de Estudos Galegos, ao teren sido estudados por Florentino López Cuevillas e mais Fermín Bouza Brey, que realizaron as primeiras escavacións científicas no Castro Pequeno. As investigacións foron continuadas nos anos 70 do século XX por Fernando Acuña Castroviejo, da Universidade de Santiago de Compostela, quen interveu por primeira vez no Castro Grande. O Castro Pequeno foi reescavado e consolidado pola Xunta de Galicia nos anos 2000-2001. Desde o ano 2003, e grazas á a colaboración entre a Dirección Xeral de Xuventude da Xunta de Galicia, o Concello de Boiro e o Instituto Padre Sarmiento de Estudos Galegos (CSIC-XuGa), estanse levando a cabo novas campañas de escavación no Castro Grande, coa realización de campos de traballo para mozos e mozas durante o verán; no ano 2007 realizouse a quinta campaña de escavación, e está previsto que continúe nos vindeiros anos. Teña en conta que, debido precisamente a esta situación, resulta posible que no momento da súa visita se teñan posto ao descuberto novas estruturas, que aínda non se coñecían no momento de redactar este caderno.

O acceso aos castros é libre e gratuíto todo o tempo. A duración estimada da visita aos mesmos, iniciando o percorrido no CAB, é duns 40 minutos.

Percorrido aconsellado

O camiño desde o CAB en dirección contraria ao aparcamento leva directamente até a muralla (ou parapeto) do Casto Grande (1). Neste punto pódese apreciar o grande tamaño da muralla, feita tanto como elemento defensivo como amedrentador en caso de ataque. Ao seu pé, cara ao exterior, discorría un foxo, que aínda se intúe en forma de rebaixe que percorre en paralelo a ela. Hoxe atópase colmatado, xa que co paso do tempo foise enchendo de terra, pero seguramente ten varios metros de profundidade. Éntrase no castro polo lateral dereito da muralla, un corte na mesma e non unha porta orixinal, xa que aínda hoxe non sabemos se o castro tiña entrada polo lado de terra. En canto atravesamos a muralla (2) podemos apreciar dous aspectos. En primeiro lugar, o emprazamento do castro nunha península, rodeado por todas as súas partes polo mar, non sendo pola lingua de terra que o une co continente, e onde se sitúa a muralla. En segundo lugar, que a muralla non bordea todo o recinto, senón que se concentra unicamente no lado de terra, o menos protexido desde o punto de vista estratéxico. No resto do recinto, a muralla convértese nun terraplén ou aterrramento, co fin de





horizontalizar o terreo para a construción das casas, pero onde non é preciso investir moito esforzo na fortificación, porque o mar actúa de defensa natural nunha sociedade que non coñece a navegación máis que en pequenos botes.

Xusto fronte á zona de acceso, e próxima ao límite da terraza, atópase unha das zonas escavadas en anos recentes (3). Nela pódense observar a parede interna do muro da terraza que define o castro por esta zona, así como dúas casas de planta circular, a forma máis característica dos castros das Rías Baixas, coa posición das súas portas. As estruturas estaban unicamente conservadas a nivel de cimentación, aínda que o seu aspecto sería moi similar ás que se reconstrúen na sala do CAB, cos muros de cachotería de preto de dous metros de altura, e teitos de colmo. O castro foi construído cara ao século IV a. C., e permaneceu ocupado até a época romana, abandonándose cara ao século IV-V d. C.



Se nos afastamos aínda máis da muralla atopamos a segunda das áreas escavadas e consolidadas (hai xa algunha zona máis en escavación, pero aínda están en estudo). Nela (4) atopamos unha terceira vivenda circular, así como, de novo, a parede interior da terraza que delimita o castro nesta zona. Ao seu pé, aínda cara ao interior do castro, pódense ver tres buratos duns 5-10 cm. de diámetro rodeados de pequenas pedras; neles, seguramente, existiron postes de madeira espetados, polo que é posible que en paralelo á terraza existe no seu día unha muralla de madeira. No punto medio da zona escavada podemos saír do castro pola súa entrada

orixinal (5): a terraza interrómtese, e, no medio, atopamos unha zona de paso que, unha vez fóra do castro, presenta a cada un dos seus lados senllos foxos. Os foxos teñen unha grande profundidade, preto de 3 m., e interrómtese ao chegar ao camiño de entrada. Aínda que en principio se pensaba que teñen un carácter defensivo, para dificultar un ataque, neste caso realmente deberon ter máis un sentido simbólico, xa que xa en época castrexa empezaron a encherse con lixo, e, de feito, no seu interior os arqueólogos están a atopar abundante material cerámico, tanto indíxena como de importación. A estrutura de foxos debía ser moi complicada, presentando varios concéntricos e mais algúns transversais, que parece que os unían entre si, como se pode apreciar no que hai á esquerda da entrada.



Saíndo pola porta do castro o camiño diríxenos directamente cara ao castro pequeno por unha zona aínda sen estudar, pero que é posible que fose parte do espazo habitado do castro grande.

Na fin do camiño, chegamos á punta da península, onde se atopa o castro pequeno, que foi habitado



unicamente durante a 1ª Idade do Ferro, entre os séculos VIII e V a. C. Unha nova muralla de grandes proporcións protexía o recinto do exterior (6). A muralla é tamén de grandes proporcións, algo que non é habitual nos castros tan antigos, e illa por completo o interior do poboado do continente. No interior do castro (7), atopamos os restos de varias casas, tamén de planta circular, a carón da muralla. Aínda que o aspecto do que conservamos é moi similar ás do castro grande, aquí en realidade unicamente presentaban un zócalo inferior de pedra, mentres que o resto da parede estaba feito de pallabarro. O castro pequeno é de dimensións moito máis reducidas, polo que estaría ocupado por un grupo de persoas máis pequeno, e nel salienta aínda máis o seu emprazamento estratéxico, ao situarse nunha pequena península directamente bordeada polo mar. Os dous castros do Neixón representan en realidade un caso non frecuente do que os arqueólogos chaman estratigrafía horizontal: co paso do tempo, en vez de ampliarse o poboado, e construírse sobre os restos do castro antigo (o que sería unha estratigrafía vertical), os habitantes do castro pequeno abandonárono e construíron un de maiores dimensións a carón del.



Os dous castros do Neixón representan en realidade un caso non frecuente do que os arqueólogos chaman estratigrafía horizontal: co paso do tempo, en vez de ampliarse o poboado, e construírse sobre os restos do castro antigo (o que sería unha estratigrafía vertical), os habitantes do castro pequeno abandonárono e construíron un de maiores dimensións a carón del.

Para a volta ao CAB recomendámoslle que ao saír do castro pequeno colla o camiño da dereita, que bordea a costa, onde poderán ir contemplando a paisaxe mariña. Acabarán volvendo a pasar a carón do castro grande, e, no lugar de atravesalo, pode bordealo (8), para poder contemplar o conxunto polo exterior, e distinguir así as diferenzas entre o aterrramento que bordea o castro na maior parte do seu perímetro da muralla que o separa do resto do terreo; poida que, ademais, sexan quen de identificar algúns dos foxos exteriores ao recinto que aínda están sen escavar.

Actividades e temas de debate

- Hoxe as aldeas, vilas e cidades non teñen uns límites físicos tan claros como os castros, producíndose unha transición paulatina entre o espazo habitado e mais o campo. Pensade nalgunha razón pola que a xente daquela necesitou rodear o poboado cunha muralla.
- Os dous castros non son dúas aldeas veciñas entre si, xa que en realidade o Castro Pequeno se abandonou cara ao século V a. C., momento en que é construído o Grande. Pensade nalgunha razón pola que a xente abandonou o Castro Pequeno e pasou a vivir no Castro Grande.
- Noutros castros coñecidos, por mor do aumento da poboación, produciuse unha ampliación do castro en tamaño a partir do século V a. C. Debatide sobre as razóns polas que non se ampliou o Castro Pequeno, abandonándose e construíndo o Grande ao seu carón.
- Os dous castros están fortificados unicamente na zona pola que se unen á terra, carecendo de defensas nos laterais que dan ao mar. A que pensades que se debe isto?



VOCABULARIO

- Anta:** Un dos nomes en galego e portugués máis habituais para os *dólmenes*.
- Arca:** Outra das denominacións frecuentes que pode recibir en Galicia e Portugal un *dolmen*.
- Arte rupestre:** Representacións artísticas que utilizan como soporte a pedra, xa estean ao aire libre ou no interior de covas ou abrigos, e tanto se foron pintadas como gravadas. Baixo este nome englobase todo tipo de representación artística, calquera que sexa a súa época de produción, desde a arte paleolítica en covas até a arte dos aborixenes australianos, que aínda segue a executarse hoxe en día.
- Calcolítico:** Do grego *khalkos* (cobre) e *lithos* (pedra), tamén chamado *eneolítico* ou *Idade do Cobre*. Termo co que se denomina á etapa final do neolítico, que se estende aproximadamente entre o 3000 e o 2200 a. C. Caracterízase pola aparición dos primeiros obxectos metálicos, feitos en cobre, a pesar do cal o instrumental segue a ser maioritariamente feito en pedra. Durante esta etapa se dan sociedades máis complexas, cos primeiros procesos de diferenciación social.
- Castro:** Nome que recibe en galego un tipo de construción pretérita consistente nun espazo de tamaño medio / grande, rodeado habitualmente por terrapléns ou murallas de terra, ademais de grandes escavacións en forma de foxos. Ditas estruturas corresponden aos poboados dos habitantes da zona durante a *Idade do Ferro*. A popularidade do nome ten transcendido ao mundo científico, que o utiliza para denominar tanto a este tipo de estruturas, como a toda a Idade do Ferro local (*Cultura Castrexa*).
- Crómlech:** Construción prehistórica realizada con grandes pedras espetadas no terreo polo xeral separadas entre si formando unha estrutura circular. Non se coñece ningún no territorio da actual Galicia.
- Cultura Castrexa:** Nome que recibe habitualmente a *Idade do Ferro* en Galicia e mais o Noroeste da Península Ibérica, xa que esta etapa histórica coincide coa época en que o castro aparece como tipo único de poboado, espallándose por todo o territorio unha cultura material (poboados, vivendas, olaría) moi semellante.
- Dolmen:** Construción prehistórica realizada con grandes pedras espetadas no terreo unha a carón da outra co obxecto de formar un recinto cerrado de forma circular ou poligonal, que se cobre por outra gran lousa posta sobre as anteriores, e cuxa finalidade era realizar enterramentos no seu interior. En Galicia aparece sempre sepultado baixo unha morea de terra ou *túmulo*.
- Fenómeno tumular:** No noroeste de Península Ibérica os *dólmenes* aparecen sempre no interior dun montículo de terra que os rodea e oculta, o *túmulo*, ou *mámoa*, como é coñecida popularmente nunha das súas denominacións máis frecuentes. Pero ademais, no interior das mámoas non sempre existiron dolmens, sendo frecuente outro tipo de construcións non estritamente megalíticas, ou mesmo construcións en madeira. Daquela é o *túmulo* o elemento común a todos estes monumentos, de aí que se prefira o termo de *fenómeno tumular* ao de *megalitismo*.
- Forno:** Outra das formas conque son denominados popularmente os *dólmenes* en galego, xeralmente baixo a forma conxunta “Forno dos Mouros”. Tamén son frecuentes as formas *Casa* ou *Pedra* “da Moura”, con variantes desta última palabra en masculino e/ou plural.
- Idade do Bronce:** Época que se estende, aproximadamente, entre o 2.200 e mais o 800 a. C., caracterizada



pola xeneralización dos instrumentos metálicos, realizados en bronce, unha aliaxe de cobre e mais estaño. Nesta etapa vaise xerando unha clara xerarquización social, ao tempo que desaparecen as formas de enterramento colectivo (megalitismo), que son substituídas por cemiterios de tumbas individuais.

- Idade do Ferro:** Etapa da historia que na Europa occidental se estende entre o 800 a. C. e mais a conquista dos romanos, caracterizada pola aparición de instrumentos de ferro e polo desenvolvemento de sociedades guerreiras máis ou menos xerarquizadas que viven fundamentalmente en poboados fortificados. En Galicia correspóndese á época dos castros.
- Mámoa:** Nome máis habitual con que son coñecidos en Galicia e Portugal os *túmulos*, e que mesmo ten transcendido á linguaxe científica.
- Medoña:** Outra das denominacións galegas para “*túmulo*”.
- Medorra:** Unha forma máis de denominar aos *túmulos* en galego.
- Menhir:** Un tipo de monumento prehistórico consistente nunha pedra de grande tamaño espetada en vertical no terreo. Apenas se coñecen menhires en Galicia, e mesmo para a maior parte deles é difícil asegurar a súa orixe prehistórica, xa que poden ser en realidade marcos de separación de territorios medievais ou modernos.
- Megalitismo:** Nome xenérico baixo o que se adoitan agrupar todas aquelas construcións antigas realizadas con grandes pedras (das palabras gregas *Mega* – grande, e *Lithos* – Pedra). En Galicia falamos mellor de *fenómeno tumular*.
- Modia:** Sinónimo de *mámoa*.
- Mouros:** Personaxes míticos, habitantes de certos espazos da paisaxe galega, como penedos de estrañas formas, pero sobre todo mámoas, dolmens, petróglifos e castros. Ás veces teñen outras denominacións (xentiles, romanos, fenicios...). A tradición popular atribúe a estes antigos poboadores a construción de castros e mámoas, nos que, en ocasións, antes de abandonar estas terras, agacharon grandes tesouros. Algúns seguen a vivir neles, encantados, para protexer estas riquezas da cobiza dos galegos.
- Neolítico:** Aínda que o nome provén das palabras gregas *Neo* – novo, e *Lithos* – pedra, co que os investigadores se referían en orixe á aparición dos útiles de pedra puimentada, na actualidade aplícase o termo ás primeiras sociedades produtoras de alimentos, agricultores e gandeiros.
- Paleolítico:** Etapa máis antiga da historia da humanidade, que se estende desde a aparición dos primeiros homínidos hai aproximadamente uns dous millóns de anos, até a aparición das sociedades agricultoras e gandeiras. O nome provén das palabras gregas *Paleo* – antigo e *Lithos* – pedra, termo co que os primeiros investigadores se referían aos útiles que maioritariamente se nos conservan da época, realizados con pedras talladas, e en contraposición aos de pedra pulimentada, denominada “nova”, .
- Pedrafitá:** Nome con que se denominan popularmente os *menhires* en Galicia.
- Petróglifo:** Nome xenérico que se dá a todo tipo de gravado realizado utilizando como soporte a pedra, calquera que sexa a súa época de realización.
- Túmulo:** Construción artificial de terra ou terra e pedras en forma de montículo que se utilizou como enterramento. En Galicia e todo o NW peninsular adoitan ter unha planta aproximadamente circular e un alzado en forma de casquete de esfera.



BIBLIOGRAFÍA BÁSICA (comentada)

Prehistoria de Galicia

Existen numerosas sínteses, de entre as cales salientamos dúas. Unha, por ser das máis recentes, e estar por feita por un único autor, o que lle outorga unha grande coherencia e uniformidade nos seus contidos e redacción. A segunda é unha recompilación de artigos dunha diversidade de autores, que foi feita desde o punto de vista das manifestacións artísticas das culturas; e aínda que ten xa máis de dez anos, segue a ser válida en liñas xerais.

- A de la Peña Santos. Galicia. Prehistoria, castrexo e primeira romanización. Vigo: A Nosa Terra, 2003.
- VV. AA. *Historia da Arte Galega*. Vigo: A Nosa Terra, Tomo I, 1998.

De entre as múltiples guías dos xacementos arqueolóxicos visitables en Galicia, escollemos dúas. A primeira presenta un número reducido de xacementos arqueolóxicos para cada etapa cultural, pero a cambio inclúe unhas interesantes introducións tanto á arqueoloxía en xeral como a cada unha das etapas das que se ocupa (megalitismo, arte rupestre, cultura castrexa e cultura romana). A segunda non só é a máis recente, senón tamén a máis completa. Iníciase cun pequeno resumo da Prehistoria, Idade Antiga e comezos da Idade Media de Galicia; despois, un abundante número de xacementos aparece agrupado por rotas comarcais, o que vai permitir ao educador coñecer os xacementos arqueolóxicos máis próximos ao seu centro, e poder organizar así unha visita coa súa clase.

- P. Barciela Garrido e mais E. Rey Seara. *Xacementos arqueolóxicos de Galicia*. Vigo: Xerais, 2000
- L. X. Carballo Arceo. *Arqueoloxía de Galicia. Itinerarios polo pasado*. Vigo: Edicións Nigratreia, 2006.

Prehistoria do Barbanza

As publicacións de conxunto sobre a prehistoria do Barbanza son xa todas antigas, e daquela están moi superadas. Así e todo, citamos dous clásicos, unha polo seu carácter pioneiro, e outro por recoller de xeito exhaustivo todos os xacementos arqueolóxicos prehistóricos que se coñecían na Península na data da súa publicación, traballo que unicamente en canto aos castros se mantén practicamente invariable na actualidade.

- F. López Cuevillas e mais F. Bouza Brey. "Prehistoria e Flokllore da Barbanza". *Nós* nº 46, p. 9-17; nº 47, p. 3-7; nº 49, p. 7-12; nº 50, p. 20-27; nº 51, p. 43-48; nº 52, p. 71-78. 1927/28 (Edición Facsímil: Xuntanza editorial, 1987).
- X. Agrafoxo Pérez. *Prehistoria e arqueoloxía da Terra da Barbanza*. Imp. Santiago de Compostela: Concello de Noia, 1986.

Megalitismo

Sobre o fenómeno megalítico en Galicia existen moitas sínteses, de entre as cales segue a ser a máis exhaustiva, aínda que xa superada en varios aspectos, a de Rodríguez Casal. Recollemos ademais un pequeno artigo de posta ao día incluído nun recente libro de temática especializada.

- A. A. Rodríguez Casal. *O megalitismo. A primeira arquitectura monumental de Galicia*. Santiago de Compostela: Universidade, 1990.
- R. Fábregas Valcarce e mais X. I. Vilaseco Vázquez. "En torno al megalitismo gallego". En R. Fábregas Valcarce e mais F. Carrera Ramírez. (ed.) *Arte Parietal Megalítico en el Noroeste Peninsular. Conocimiento y conservación*. Santiago de Compostela: Tórculo, 2006, p. 11-36.

Da zona do Barbanza hoxe xa é un clásico o estudo de Felipe Criado sobre as mámoas da serra, aínda que se trata dunha investigación demasiado en profundidade para o que adoitan ser os intereses do profesorado:



- F. Criado Boado; M.^a J. Aira Rodríguez; F. Díaz-Fierros Viqueira. *La construcción del paisaje: megalitismo y ecología en la sierra de Barbanza*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1986.

Arte Rupestre

Das sínteses sobre a arte rupestre galega escolléronse dúas. A primeira é algo antiga, pero segue a ser aínda válida en case todos os seus aspectos, ademais de salientar polo seu carácter didáctico. A segunda é unha das publicadas máis recentemente.

- J. M. Vázquez Varela *Petroglifos de Galicia*. Santiago de Compostela: Universidade, 1990.
- A. de la Peña Santos e mais J. M. Rey García. *Petroglifos de Galicia*. A Coruña: Vía Láctea, 2001.

A arte rupestre da zona do Barbanza atópase máis estudada na súa vertente norte, no ámbito do concello de Porto do Son, fundamentalmente nesta monografía:

- J. Guitián Castromil e mais X. Guitián Rivera. *Arte rupestre do Barbanza*. Noia: Toxosoutos, 2001.

Mundo castrexo

A castrexa é de todas as culturas prehistóricas galegas a que máis estudos ten orixinado. A primeira monografía que recollemos é un compendio dun curso de verán organizado pola Universidade de Vigo hai algúns anos, pero que segue a ser unha introdución xeral ao tema de grande interese. Xunto a ela citamos dúas guías de algúns dos castros máis representativos de Galicia, que están encabezadas por senllas boas presentacións do mundo castrexo, no primeiro dos casos acompañada de numerosas figuras e fotografías.

- J. M. Hidalgo Cuñarro (ed.). *A cultura castrexa a debate*. Tui (Pontevedra): Instituto de Estudios Tudenses, 1996.
- R. Dorribo Cao e mais M. Reboredo Taxes. *Guía dos Castros de Galicia*. Vigo: Edicións do Cumio, 2000.
- L. X. Carballo Arceo. *Guía de los Castros de Galicia*. Vigo: Nigratrea, 2005.

As que seguen son dúas das sínteses máis recentes, moi interesantes en canto á interpretación arqueolóxica, aínda que ambas presentan a cultura castrexa desde o punto de vista do mundo céltico, algo que non é aceptado pola maioría dos investigadores. A primeira delas é a máis didáctica, mentres que a segunda é moito máis especializada.

- J. M. Vázquez Varela e mais M. V. García Quintela. *A vida cotiá na Galicia Castrexa*. Santiago de Compostela: Universidade, 1998.
- F. J. González García (coord.). *Los pueblos de la Galicia céltica*. Humanes (Madrid): Akal, 2007.

Na península do Barbanza son tres os castros mellor estudados: Baroña e mais os dous castros do Neixón. De Baroña recollemos unha pequena síntese de difusión redactada polo seu escavador. De Neixón salienta o libro máis recente publicado sobre os xacementos, que recolle parte das intervencións realizadas nos últimos anos; presenta algúns capítulos de grande interese, mentres que outros resultan seguramente demasiado científicos para os intereses do profesorado.

- F. Calo Lourido. *Castro de Baroña*. Imp. Santiago de Compostela: Concello de Porto do Son, 1997.
- X. M. Ayán Vila (coord.). *Os Castros de Neixón (Boiro, A Coruña)*. Noia (A Coruña): Toxosoutos, 2005.



**Centro Arqueolóxico do
Barbanza**



CONCELLO DE BOIRO

